

POR QUE ESTUDAR TRABALLO SOCIAL?:

Para traballar con persoas, familias e grupos, apoiando o seu desenvolvemento como persoas, a mellora das súas relacións e da súa capacidade de vida

- Detectando e recoñecendo necesidades sociais e deseñando estratexias para darlles resposta.
- Promovendo fortalezas e recursos persoais para afrontar conflitos.
- Avaliando situacións de risco e dinamizando recursos institucionais e comunitarios para mellorar a calidade de vida das persoas.
- Creando espazos de comunicación para mellorar as relacións.
- Participando no deseño de políticas sociais e coordinando equipos multiprofesionais.

- Ter unha actitude activa de contribución ao desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e unha disposición de defensa da xustiza social.
- Sensibilidade cara as cuestións de desenvolvemento e incremento do benestar social, a saúde e a calidade de vida das persoas.
- Habilidade para as relacións interpersoais, é dicir, capacidade empática, reflexiva, analítica e de adecuación aos cambios e dinámicas sociais.
- Interese por temas psicosociais tanto a nivel de opinión como de participación activa.
- Interese pola intervención social en contextos problemáticos nos que viven algunhas persoas, grupos e comunidades.
- Ter inquietude e compromiso social.
- Interese polo traballo cooperativo e o traballo en equipo.
- Capacidade creativa e de adaptación a novas oportunidades.

PERFIL DE INGRESO

Non se esixe ningunha formación previa específica. O perfil de ingreso recomendado para os/as futuros/as estudantes é:

A FIGURA PROFESIONAL DO/A TRABALLADOR/A SOCIAL

O/a profesional do Traballo Social é unha **figura clave** no Sistema de Servizos Sociais, e tamén está presente de maneira relevante no Sistema de Atención á Dependencia, no Sistema de saúde, etc.

A Lei que regula os Servizos Sociais de Galicia, establece que "A persoa profesional de referencia será preferentemente unha traballadora ou un traballador social da rede pública de servizos sociais..." (Art. 24). Dentro do ámbito municipal, a norma que regula os servizos sociais comunitarios, tamén recolle que "A persoa profesional de referencia será un traballador ou traballadora social ..." (Art. 37).

O papel destacado que a Lei de Inclusión Social de Galicia, asigna á traballadora/a social, reflíctese na existencia da emisión dun "informe social realizado pola traballadora ou traballador social de referencia, que conterá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta sobre a idoneidade da aplicación da prestación". (Art. 36). Noutros ámbitos de atención especializada, contéplase tamén a figura do/a traballador/a social, formando parte dos equipos interprofesionais, por exemplo Xulgados de Menores, Servizos Sociais Penitenciarios, Gabinetes de Orientación Familiar, etc

SAÍDAS PROFESIONAIS:

Os/as graduados/as en Traballo Social desenvolven a súa labor profesional en diversos campos e áreas relacionados cos Servizos Sociais e outros sistemas de Benestar Social, e reforza cada día a súa presenza nas entidades de iniciativa social e empresas privadas. A gran variedade de servizos e institucións onde desempeñan o seu traballo caracteriza a situación actual. Así, desenvolven a súa actividade en Servizos Sociais comunitarios e de saúde, en servizos e centros especializados (de persoas maiores, con discapacidade, con adicións, menores en situación de desprotección, mulleres vítimas de violencia de xénero, etc.), e tamén na Administración Autonómica, nas Deputacións, hospitais, institucións penitenciarias, etc.

ÁMBITOS LABORAIS:

- Servizos e entidades do Sistema de Benestar e outros sistemas da Administración Pública.
- Entidades de Iniciativa Social (ONG).
- Empresas privadas.
- Autoemprego.

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

O proceso de selección de estudiantado lévase a cabo a través da Convocatoria que efectúa a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) para o conxunto das universidades galegas.

O estudiantado admitido deberá formalizar a súa matrícula en liña na USC no prazos establecidos na convocatoria de matrícula

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

- Acceso a Programas Oficiais de Postgrao: de orientación investigadora (tese doutoral) e/ou de orientación profesional.
- Acceso a títulos propios e cursos de especialización.

O PLANO DE ESTUDOS DO GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Para a obtención do título de Grao o estudiantado ten que superar 240 créditos:

MATERIAS E DISTRIBUCIÓN EN CRÉDITOS ECTS A REALIZAR POLO ESTUDANTADO	
TIPO DE MATERIA	CRÉDITOS
Formación Básica (FB)	60
Obligatorias (OB)	120
Optativas	30
Prácticas externas	22
Traballo Fin de	8
CRÉDITOS TOTAIS	240

Os/as estudantes admitidos/as a realizar o primeiro curso a tempo completo, deberán matricularse de 60 créditos ECTS. Poderase optar tamén a realizar estudos a tempo parcial, por circunstancias acreditadas, matriculándose no 50% dos créditos de 1º curso (30 ECTS).

MATERIAS DO PLAN DE ESTUDO POR CURSO E CUADRIMESTRE

PRIMEIRO CURSO

Créd.

1º Cuadrimestre

101 - Socioloxía Xeral (FB).....	6
102 - Fundamentos de Dereito (FB).....	6
103 - Historia do Traballo Social (OB).....	6
104 - Fundamentos de Política Social (FB).....	6
121 - Fundamentos de Traballo Social (OB).....	6

2º Cuadrimestre

105 - Historia dos Sistemas de Benestar Social (FB).....	6
106 - Antropoloxía Social e Cultural (FB).....	6
107 - Fundamentos de Economía (FB).....	6
122 - Fundamentos de Psicoloxía (FB).....	6
123 - Ética e Traballo Social (OB).....	6

SEGUNDO CURSO

1º Cuadrimestre

201 - Estrutura e Cambio Social (FB).....	6
202 - Psicoloxía do Desenvolvemento no Ciclo Vital (FB).....	6
221 - Teorías e Modelos de Intervención en Traballo Social. (OB).....	6
222 - Traballo Social con Grupos (OB).....	6
223 - Servizos Sociais Comunitarios (OB).....	6

2º Cuadrimestre

203 - Dereito e Administración Pública (FB).....	6
224 - Investigación e Diagnose en Traballo Social (OB).....	6
225 - Habilidades Sociais e de Comunicación en T. S. (OB).....	6
226 - Traballo Social e Saúde (OB).....	6
227 - Traballo Social con Comunidades (OB).....	6

TERCEIRO CURSO

Créd.

1º Cuadrimestre

321 - Servizos Sociais Especializados (OB).....	6
322 - Metodoloxía da Investigación Social (OB).....	6
323 - Traballo Social con Individuos e Familias (OB).....	6
324 - Soportes Documentais e Xestión da Información (OB).....	6
- Optativa	6

2º Cuadrimestre

325 - Política Social e Traballo Social (OB).....	6
327 - Deseño e Avaliación de Proxectos de Interv. Soc. (OB).....	6
327 - Obradoiro de Investigación Social (OB).....	6
- Optativa	6
- Optativa	6

CUARTO CURSO

1º Cuadrimestre

421 - Medidas de Protección Social (OB).....	6
422 - Xestión e Planificación de Servizos Sociais (OB).....	6
423 - Xestión de Organizacións (OB).....	6
- Optativa	6
- Optativa	6

2º Cuadrimestre

424 - Practicum (OB).....	22
425 - Traballo Fin de Grao (OB).....	8

OPTATIVAS DE TERCEIRO CURSO

Créditos

1º Cuadrimestre

345 - Traballo Social con Menores.....	6
350 - Traballo Social e Adicións.....	6
351 - Traballo Social con Persoas con Discapacidade.....	6

2º Cuadrimestre

342 - Traballo Social e Xénero.....	6
343 - Traballo Social no ámbito da Saúde Mental.....	6
346 - Traballo Social con Maiores.....	6
349 - Traballo Social e Inclusión Social.....	6

OPTATIVAS DE CUARTO CURSO

1º Cuadrimestre

441 - Mediación e Xestión do Conflito en Traballo Social...	6
443 - Trab Soc, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural.....	6
445 - Traballo Social no ámbito da Iniciativa Social.....	6
446 - Tecnoloxías da Información e a Comunicación en SS.SS.....	6

RECOÑECEMENTOS DE CRÉDITOS DESDE CICLOS SUPERIORES DE FP

Na páxina web da Escola pódese acceder ao catálogo de créditos e materias de recoñecemento directo na titulación universitaria de Grao en Traballo Social para os/as titulados/as en Formación Profesional de grao superior.



CONCERTAR UNHA VISITA

Si tes dúbidas, consultas, e gañas de coñecermos, podes contactar con nós no correo asouto@euts.es para concertar un día e hora e facemos unha visita. A persoa de referencia é Ana Isabel Souto Gómez.

COMO CONTACTAR COA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

O noso enderezo: Praza da Inmaculada nº 5 - 3º (Edificio San Martiño Pinario) - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Horario de Secretaría:

De luns a venres: de 9:00 a 14:00 h

Por teléfono: 981 58 35 86 (secretaría) - 981 56 48 69 (despacho profesorado)

Por correo electrónico: secretaria@euts.es

MÁIS INFORMACIÓN

Webs: Da Escola: www.euts.es da Universidade de Santiago de Compostela: www.usc.gal

Comisión Interuniversitaria de Galicia: <https://ciug.gal>